

# Que fago...

## se son testemuña dunha agresión machista?

Por unhas festas  
libres de violencias  
machistas!



Concello de



Oleiros



**Se cres que alguén está experimentando unha agresión, sempre e cando sexa seguro ou non supoña un risco para ti e/ou para a persoa exposta á violencia...**

**Mantén o contacto visual.** Se dubidas do que está a acontecer, intenta analizar a situación, mantente alerta e fai que se perciba a túa presenza.



Se valoras que a persoa sobre a que se exerce a violencia pode requirir da túa actuación, **diríxete cara a ela e pregúntalle se está ben**, se precisa algo. Móstralle apoio e a túa disposición a intervir en calquera momento.



Para restar tensión á situación, **interrómpea con calquera escusa.** É importante que tamén teñas en consideración os feitos, o tipo de violencia e a capacidade de xestión da persoa sobre a que se exerce violencia para **non estigmatizala.**



Failla saber á persoa agresora que rexeitas o seu comportamento, que **as agresións non son tolerables baixo ningún concepto.**



De ser preciso, **busca apoio**. Chama a atención da xente do teu arredor.



# **Achégate a un Punto Violeta!**

Contamos con un equipo de atención psicológica especializado. Desde ahí responderemos a todas as túas dúbidas, asesorarémoste e acompañarémoste no que precises.



**Se a situación entraña calquera  
risco para ti ou para a persoa  
sobre a que se exerce a  
violencia...**

**Chama a emerxencias [112] para poñer  
en coñecemento os feitos e solicitar a  
presenza das forzas e corpos de seguridade.  
Agarda a que cheguen e colabora  
prestando o teu testemuño sobre o  
acontecido.**





A actuación ante situacións de risco tanto para a súa prevención como para a súa erradicación son **responsabilidade colectiva**. Así que se es testemuña dunha agresión machista, actúa. **Non sexas cómplice!**



Se presencias ou sofres algunha agresión machista, faino saber.

## **Informa e busca apoio nos servizos especializados:**

<b>Emerxencias</b>	112 061 (médicas)
<b>Garda Civil</b>	062
<b>Policía Local</b>	981 610 001
<b>Teléfono de atención a todas as formas de violencia contra as mulleres</b>	016 600 000 016 (WhatsApp)
<b>Teléfono da Muller en Galicia</b>	900 400 273




Non faltes á festa



pero de festa  
**NON FALTES**

*Sen igualdade, non hai festa!*



Concello de



Oleiros